

II. Categorias persoal non sanitario: técnico superior. Responsable de comunicación. Promotor da doazón. Auxiliar administrativo. Auxiliar informática. Conductor.

1. Formación: 20 % (8 puntos).

1.1. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

1.2. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avaliadas polo Servizo Galego de Saúde ou calquera organismo público, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

CVE-DOG: 2w1nnqf9-1915-6xv4-110-dqvyjygfprk8



1.3. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría.

- Por crédito: 0,30 puntos.
- Por hora: 0,030 puntos.

A puntuación que se outorgará aos/as aspirantes que impartisen os citados cursos será de 0,60 puntos por crédito o de 0,060 puntos por hora de docencia impartida.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren nel.

Para as categorías para cuxo ingreso se exixa exclusivamente titulación académica específica só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á súa obtención.

Os cursos de prevención de riscos e de informática valoraranse en todas as categorías e con independencia da data de obtención do título exixido para o acceso a estas.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios ou similares, sempre que non estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma.

2. Experiencia: 70 % (28 puntos).

– Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,20 puntos/mes.

– Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,10 puntos/mes.

– Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,07 puntos/mes.



– Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría da mesma área funcional en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,03 puntos/mes.

Normas xerais de valoración:

Primeira. Para a valoración dos servizos prestados noutra categoría distinta á que se opta teranse en conta as seguintes áreas funcionais: sanitaria, administrativa e informática. Os servizos prestados nas categorías de celador, axudante de laboratorio e persoal de servizos xerais ou equivalente serán valorados indistintamente nas áreas funcionais sanitaria e administrativa. Os servizos prestados nas categorías de grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais ou equivalente serán valorados indistintamente nas áreas funcionais administrativa e informática. Os servizos prestados na categoría de telefonista serán valorados na área funcional administrativa. En calquera caso distinto aos anteriores os servizos prestados noutra categoría só poderán ser valorados nas categorías pertencentes a unha única área funcional.

Para a valoración dos servizos prestados noutra categoría distinta á que se opta, terase en conta a equivalencia entre a titulación que foi requirida para o acceso á categoría cuxo tempo traballado se pretende valorar e a titulación exixida na presente convocatoria para a categoría a que se opte. De existir a dita equivalencia, os servizos prestados valoraranse como prestados na categoría a que se opte.

Segunda. Os meses computaranse por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso, calcularase en cada parte do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal forma que o que se valorará en cada parte será o cociente enteiro, despregando os decimais.

En ningún caso a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural poderá valorarse por encima da puntuación establecida para o dito período dun mes.

En ningún caso un mesmo período de tempo poderá ser obxecto de valoración en distintas partes do baremo. De igual forma, un mesmo período de tempo de servizos prestados



non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Terceira. A experiencia profesional valorarase a partir da data de obtención do título exigido para o acceso á categoría correspondente.

Os servizos prestados con título expedido por terceiros países valorarase desde a data de homologación ou recoñecemento do título polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Cuarta. Os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada para o coidado de familiares serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados noutra categoría en promoción interna temporal valorarase como servizos temporais na devandita categoría.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións privadas os/as interesados/as deberán presentar documentación que acredite que estas están concertadas e/ou acreditadas para a docencia. Noutro caso, devanditos servizos non serán obxecto de valoración.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións ou centros de calquera país da Unión Europea, os/as interesados/as deberán presentar documentación que acredite a titularidade pública ou privada destes. Noutro caso os devanditos servizos non serán obxecto de valoración.



3. Outras actividades: 10 % (4 puntos).

Grupo A:

– Por traballos publicados directamente relacionados coa categoría de que se trate, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

Publicación revista: 0,25 puntos.

Capítulo de libro: 0,30 puntos.

Libro completo: 1,00 punto.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas do traballo en que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Por último, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario, o seu índice, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

Grupos C, D e E:

– Por ter titulacións oficiais específicas non exixidas para o acceso á categoría e directamente relacionadas coas funcións da categoría a que se opta: 4 puntos.

